

# O Alto Xenerais dos



*Os Entroidos da Ulla*

VILA DE CRUCES  
SILLEDA  
A ESTRADA  
VEDRA  
PADRÓN

## COLABORADORES:

### **Concello de Vila de Cruces:**

Merza: Asociación Cultural “Vello dos Cornos”

Piloño: Comisión do Entroido

Salgueiros: Comisión do Entroido

### **Concello de Silleda:**

A Bandeira: Alberte Maceira Balboa

Lamela: Mónica González Conde

Dornelas: Alfonso Villar

### **Concello de A Estrada:**

Olimpio Arca Caldas

### **Concello de Padrón:**

Carcacia: Maite Mosquera Noya

### **Concello de Vedra**

### **Agradecementos:**

Xoán Blanco

Raquel López Doce

Xoán Santaló

Xosé Ayude

Manuel de Sevando

Alberto Villar Fontao

Eduardo Villar Conde

Xosé Manuel Pereiro Colmeiro

Celtia Colmeiro Pérez

Ana Codesido

Iván Orosa

Puri Sangjao

Faro de Vigo



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Turismo

Edita: Técnicas & Gramaxe, S.L.

Coordina: Carme Fidalgo Colmeiro

Corrección lingüística: Matías Rodríguez da Torre

Deseño e Impresión: Técnicas & Gramaxe, S.L.

I.S.B.N.: 84-96368-63-7

D.L.: PO 14-2008

# Os Entroidos da Ulla



4

Ubicación xeográfica dos Entroidos

6

O Alto dos Xenerais. Os Entroidos da Ulla

7

Limiar

8

Características comúns

9

Concello de Vila de Cruces

10

Merza

20

Piloño

24

Salgueiros

27

Concello de Silleda

29

A Bandeira

33

Lamela

37

Dornelas

41

Concello da Estrada

Santa Cristina de Veá

Couso

Cora

Paradela

Santeles

49

Concello de Vedra

San Xián de Sales

Trobe

55

Concello de Padrón

56

Carcacía




# Os Entroidos da Ulla

### Concello de Vedra

- San Xián de Sales
- Trobe

### Concello de Vila de Cruces

- Merza
- Piloño
- Salgueiros



### Concello de Silleda

- A Bandeira
- Lamela
- Dornelas

### Concello da Estrada

- Santa Cristina de Veá
- Couso
- Cora
- Paradela
- Santeles

### Concello de Padrón

- Carcacia



Os  
Entroidos  
da

Vella

**S**on as aceas, as que co seu florecer anuncian a chegada do Entroido. As voces galegas, entroido, antroido, derivan do termo latino “Introitu” que quere dicir “Entrada”.



# Os Entroidos da Ulla

*verno, choiva e frío no ambiente. Nas casas dos ribeiregos estradenses á calor da lareira, nos avós xorden as lembranzas das vellas tradicións e nos novos os devezos de seren protagonistas dun exército.*

*Cando nas parroquias lindeiras co río Ulla, camiño do mar de Arousa, dun berce de verdes arbustos, emerxen brillantes, impolutas, tenras as boliñas mareladas das mimosas a troula do Entroido pregoa a súa chegada. No ar, pracenteiro arrecendo sutil; nas augas do río chegadas das chairas de Antas, balbordos de rinchos de adobiados cabalos dos xinetes de Merza, de Touro, de Vedra; nos troncos das árbores, ecos de antigas cancións, de músicas, de atranques, de discutidos e antigos atranques dos cabaleiros das parroquias das Cruces, Silleda e Teo”.*

*Olimpio Arca*



# Os Entroidos da Ulla

Os “**Xenerais da Ulla**” constitúen unha das manifestacións máis pintorescas e coñecidas do entroido rural galego. No curso medio do río Ulla, en ambas as dúas beiras, as parroquias ribeirás dos concellos de Vila de Cruces, Silleda, A Estrada, Vedra, Boqueixón, Touro, Teo e Padrón celebran a Don Carnal cos famosos “**altos**” ou “**atranques**” dos Xenerais ricamente vestidos e os seus enxeñosos e picarescos combates verbais.

Tradicionalmente o Entroido celebrábase durante os 17 días que abrangían dende o chamado “Domingo Fareleiro” ata o Martes de Entroido. Na actualidade, na nosa sociedade cada vez menos ruralizada, o máis habitual é que fiquen reducido a tres días de xolda, o período festivo que comprende os tres días que preceden a festa cristiá da Coresma: o Domingo, o Luns e o Martes de Carnaval; aínda que nalgúns parroquias o Entroido dos Xenerais limítase ao Domingo.

Este arraigo toma corpo de xeito ben distinto a ambas as marxes do río Ulla, así nos atopamos cos concellos descritos nas provincias de A Coruña e Pontevedra, nos que se conservan as máscaras rurais que protagonizan os enfrontamentos, por unha beira os que teñen a súa base na loita secular dos españois contra os invasores mouros, e por outra os enfrontamentos contra os franceses na guerra da Independencia alá polo 1808. Non falta quen faga mención tamén a que a súa orixe ten fundamento nas angustiosas loitas carlistas.

Cando se fala dos **Xenerais da Ulla**, expresión cultural e tradicional de festexar o Entroido, temos que achegarnos á pluma de man do escritor Alfredo Vicenti, no seu libro titulado “A orillas del Ulla” (Perfís galegos) onde relata o enfrontamento entre as máscaras das parroquias estradenses de Arnois e Oca no ano 1875. Outros escritores coma Fermín Bouza Brey, Manuel García Barros e Xosé Neira Vilas relatan as singularidades específicas do entroido nestas terras.

# Os Entroidos da Ulla

En este Entroido elementos basicamente comúns no **Alto dos Xenerais** que conforman a trama, o fío condutor da mascarada. A seguir relatámolos:



← Os **exercitos**, sempre dous, invasor e defensor, están formados por: abandeirado, sentinela, correos e xenerais en número variable segundo as posibilidades.



← A **comparsa** componse de mozos e mozas formando coro coas cancións “ad hoc” ás distintas circunstancias actuais. Así mesmo, nalgún Entroido aparece “o coro dos vellos”, dedicados, case sempre a criticar escenas e novos costumes desta nova mocidade.




← A **parranda** constitúe o grupo máis informal do Entroido. Caben nel a informal banda de música, toda metal e todos os disfraces individuais posibles e todos os oficios. Esta sección varía moito ao longo do tempo. Na actualidade, a influencia da televisión trocou os disfraces individuais e aparecen as carrozas cos máis diversos motivos: comerciais, eróticos, etc..



← Os **adobios** supoñen o ornato nos traxes dos distintos personaxes. En primeiro lugar están as medallas que locen no peito os Xenerais e que proceden das máis variadas conmemoracións. As mozas das comparsas locen fermosas alfaias das súas avoas.”

Concello



Vila de Cruces

# Os Entroidos da Ulla

A modo de breve reseña histórica pódese dicir que existe documentación escrita do ano 1920 que nos deixa constancia da existencia da celebración do Entroido en Merza, pero xa antes desta data a tradición oral lévanos ao ano 1913.

*“Os Rueiros”*

*Comparsa para el Carnaval de Merza de 1920*

*Foliada*

*Nªaldea de vila chaira  
destrituo de Cortizada  
xuntaron” sas mozas todas  
pra facer unha ruada.*

*Xa chamaron o gaiteiro,  
Xacinto de Virvisou  
qu”e un profesor de gaita  
tocand” o touporroutou.*

*(...)*





# Os Entroidos da Ulla

**C**oñecida é tamén a súa prohibición durante a época da Guerra Civil Española (1936 – 1939). Na posguerra todos os textos empregados tiñan que pasar a censura e a celebración en si era supervisada pola garda civil, estando totalmente prohibido cubrir a face e utilizar adornos militares. Recén entrada a época da democracia, tivo lugar un percance nas Máscaras daquel ano cando un cabo da garda civil recriminou a Sentinela polo emprego na súa chaqueta de botóns de infantaría de mariña. A celebración estivo paralizada mentres a Sentinela non arrincou un por un os botóns da discordia.

Dende esa ata a actualidade, foron poucos os anos nos que o Entroido non tivo manifestación expresa, e nos últimos quince levouse a cabo de maneira ininterrompida.

En Merza durante moitos anos houbo dúas parrandas rivais dirixidas por *Xepe* e *Sueiro*. As súas coplas eran secretas e ensaiábanse durante meses nas longas noites de inverno polos compoñentes das mesmas. Como únicos instrumentos empregados estaban as botellas de anís e as culleres.

A elección dos membros era moi rigorosa e algún ten sido expulsado por falta de aptitudes, o que amosaba a importancia da parranda na configuración do Entroido.

Era todo un privilexio para os oídos escoitar as composicións propias destes dous grandes entusiastas e creadores das Máscaras. Dende a súa perda, o seu lugar quedou baleiro e ata o momento non houbo ninguén digno de mención que fose quen de seguir o seu legado.

# Os Entroidos da Ulla

**A** arredor das 12 da mañá, a Tropa de Xenerais de Merza xunto co Correo saen do adro da igrexa montados sobre fermosos cabalos como se dunha procesión se tratase e comeza así o que será o percorrido por toda a parroquia voltando despois de aproximadamente unhas cinco horas ao punto de partida.

Á cabeza vai sempre o Correo que se diferencia dos Xenerais en toda a súa vestimenta pero máis se cabe no sombreiro que leva, baixo, circular e sen plumas pero con outros abalorios, e na chaqueta de pano vermello. Ademais, o seu cabalo porta un cullerón cheo de axóuxeres que marcan o ritmo da marcha así como a anunciación da próxima chegada dos Xenerais. Os sons producidos polas ferraduras dos cabalos ao trotar xunto co tintineo dos axóuxeres, é indescribible, produce unha sensación de formigueo por todo o corpo en todas aquelas persoas que o escoitan. O mellor é fechar os ollos, ter a mente en branco e deixar que esa música nos invada.



A Tropa de Xenerais composta por unhas 15 persoas, son se cadra as personaxes máis vistosas da mascarada que lle dá nome. Levan chaquetas de pano negro totalmente adornadas e na cintura un faxín moi ancho pero a diferenza doutros lugares e incluso dos traxes antigos que posuímos, non contan con adornos militares; pero o que máis destaca é o seu *triscornio* con longas plumas

# Os Entroidos da Ulla

de pavo real que poden chegar a medir un metro e medio de longo, o que os converte nunha prenda vistosa sobre todo cando os refachos de aire dominan a escena entroideira, pero é moi agradable ver como a luz do sol penetra entre as plumas e se enxerga un arco da vella aínda que non chova.

Comezou o percorrido sempre na mesma dirección, é invariable, non se debe cambiar: O Morouco, Espil, Balboa, Cortizada, Costa do Carril, Outeiro, Reboredo, A Ponte dos Cabalos, A Carixa, Carrás, Igrexa, A do Breixa, Sulago, A Moa. E dentro de cada un destes lugares, as súas casas; o Correo entra na eira e solicita permiso para que poidan entrar os Xenerais, se o obtén pasan todos e unha vez dentro danse os “Vivas” primeiro sempre ao cabeza de familia e logo aos parentes e amigos que fosen convidados desa casa. Os “Vivas” expresan un desexo de vida, sorte e prosperidade para a casa e os seus moradores.

En Merza un Xeneral é quen introduce o Viva cunha chamada de atención aos presentes:

*“¡Oigan señores digan todos a mi voz Viva fulano de tal y toda su familia con residencia en Merza!. Contestando o resto de Xenerais ao unísono: Viva!.*



# Os Entroidos da Ulla

**H**ai tres casas nas que lles dan de comer e de beber aos cansos cabaleiros que unha vez rematado seguen a súa andadura ata a seguinte casa e por todos os lugares.

Naquelas casas onde ese ano houbo un falecemento a familia non lle dá permiso ao Correo para poder entrar; é un vello costume moi arraigado a de non permitir festa nesa casa durante o prazo dun ano a contar dende a data da perda do ser querido. Non se debe mesturar a dor coa alegría, non vai parello a ningures. É o tempo do loito que hai que respectar se cabe con máis dor e con menos alegrías. Pero é reconfortante ver como ao ano seguinte esas portas xa están abertas e os Vivas dos Xenerais resoan en todas as paredes desa casa.



Cando a comitiva de Xenerais chega á Moa, penúltimo lugar do percorrido, estanos esperando os Mouros sobre os seus burros que fan as delicias das xentes coas súas parodias e provocacións dándolle unha carga interactiva ao Entroido de enorme satisfacción para os visitantes, así como os romeiros que os acompañan ata o adro da igrexa onde terá lugar o enfrontamento tan esperado.

Unha vez na Igrexa, fórmanse dous bandos claramente diferenciados polas bandeiras que levan sobre as chaquetas, a galega uns e a española outros.



# Os Entroidos da Ulla

Cada grupo considérase unha unidade independente, unha *nazón* soberana que intenta invadir á outra e non deixarse invadir.

En Merza o grupo invadido ten unha **Sentinela** mentres que o grupo invasor ten **Correo**. Así, a Sentinela do grupo invadido espera as tropas invasoras capitaneadas polo Correo co que desenvolve un diálogo, para logo deixar paso aos Xenerais de ambas as partes. Os dous contendentes enfróntanse por parellas nunha loita de estrofas abordando na súa pelexa dialéctica temas variados da política local, nacional e internacional. Estes versos non se din falando senón cunha entoación musical que os fai diferentes. Tamén o propio corpo axuda a que esa entoación sexa máis palpable xa que cada Xeneral dirá estrofas compostas por catro versos, incorporando medio corpo nas impares e alzando ao mesmo tempo a man na que empuña unha espada, e descansando sobre do cabalo nas pares. Ao final de tan acalorada discusión, imponse o tino e chégase a un amaño pacífico que culmina na unión entre os dous bandos.

Acto seguido dáselles paso aos **Mouros** que seguindo a mesma liña que os Xenerais entran nunha discusión sobre temas que acontecen na parroquia e máis concretamente aos membros desta, ao longo de todo o ano.

Os Mouros tamén din os seus versos cantando pero a entoación é totalmente distinta á dos Xenerais, máis lenta e retranqueira e sen facer ningún



# Os Entroidos da Ulla

movemento co seu corpo, así como tamén o é a súa vestimenta formada por farrapos vellos e os seus burros engalanados para a ocasión coas albardas máis vellas e roupas nada adecuadas para estes animais.

Os contos dos Mouros son os que máis gustan a algúns, os non aludidos, e os máis repudiados por outros, os aludidos. Dan a coñecer con todo detalle aconteceres da xente da parroquia que ninguén entende como poden saber. E isto leva á cautela nas actuacións das persoas ante a ameaza de “Vante sacar no Antroido”.

Todo o dito por Xenerais e Mouros é recollido polo Escribán do pobo que tamén ten cousas que dicir. Vai vestido de negro e cunha capa desa mesma cor que lle cubre o corpo. O seu discurso é pronunciado dacabalo o que fai, talvez, que adquira máis relevancia.

A xente enmudece cando o oe falar, e dicimos ben falar, porque a diferenza das outras personaxes, non entoa con música. As súas verbas son claras e concisas e van maioritariamente dedicadas ao rexedor do Concello polas nefastas actuacións políticas dese ano, pero tamén ataca á xente con poder da parroquia porque algo



# Os Entroidos da Ulla

sempre fixeron para ter que falar deles o día das Máscaras.

Acto seguido, o Frade bota o sermón como se misando estivese, poñendo a pinga máis picante neste acto, porque todas as súas verbas van dedicadas ao sexo feminino, non lle importa nin o estado nin a condición de cada unha delas, o caso é falar delas. Ademais a súa función é a de pór punto e final a estas nosas Máscaras condenando a morte ao *Antroido*, culpable segundo el, de todos os males alí escoitados.

A figura do *Antroido* é un boneco de palla vestido con roupas vellas que se coloca no alto dun castiñeiro no adro da igrexa. Entón cando o Frade o condena a morte o que fai é estouralo cun foguete previamente incorporado no seu corpo.



Día do Entroido

MERZA

17

# Os Entroidos da Ulla

**E**n Merza ademais é tradicional a presenza dun **Vello dos Cornos**, resto de máscara ancestral coa cara cuberta cunha careta feita de pelica de ovella e uns cornos de vaca, roupas farrapentas e rudimentario bidente na man (un pau cuns cornos de vaca), cuxa función é a de meterse cos romeiros que veñen á mascarada. Esta personaxe foi dende sempre representada por un mozo ou home alto e corpulento para que así coa súa aparencia infundise máis medo. Esta figura perdeuse durante anos pero a Asociación que leva o seu nome recuperouna da memoria dos vellos e leva dous anos facendo arrepiar a todos aqueles cos que se atopa.

Alén disto, está a figura da **Fiadeira**, que vén sendo a parella sentimental do **Vello dos Cornos** e tamén representada por un home, mais esta vez máis baixo e delgado vestido con farrapos de muller. A súa función durante a mascarada é a de meterse cos homes mentres o **Vello dos**

**Cornos** lle intenta levantar as saias ás mulleres co seu bidente de cornos para verlle as canelas. Tamén é moi típico que pelexen diante da xente por ciumes pero iso si, sen chegar nunca ás mans.



# Os Entroidos da Ulla

Outra das cousas a recuperar nas nosas Máscaras, é a representación que facían as xentes do pobo dos **oficios** que agora podemos considerar como antigos. Un deles, era o coñecido co nome do Carro; varias persoas tiran dun carro que leva todo o material preciso que se empregaba para representar o traballo da sementeira. Entre eles estaba un arado de pau que no seu momento era tirado por dúas vacas ou dous burros para facer os regos, mentres detrás viñan as mulleres sementando. Hoxe ao non dispor de vacas nin de moitos burros, tanto o carro coma o arado son tirados por mozos á vez que as mulleres sementan toda a parroquia con serraduras simulando este vello oficio, modernizado hoxe en día polo emprego do tractor.



**A** Asociación Cultural Vello dos Cornos é a encargada de recoller esta valiosa información. Está levando a cabo un traballo de recompilación oral, escrita e fotográfica do Entroido de Merza. Froito desta pesquisa é o relanzamento da celebración na parroquia e o mellor coñecemento sobre as orixes da festa e o das súas tradicións e ritos. Este labor esténdese así mesmo ao resto das parroquias do Concello onde se deixou de celebrar o Entroido hai moitos anos.



# Os Entroidos da Ulla

## Piloño Espectáculo de Máscaras

A festividade celébrase o Domingo de Entroido. Ábrese o espectáculo das Máscaras de Piloño citando no **Campo do 21** aos veciños e parroquias do arredor para o disfrute do espectáculo tal e como se vén facendo dende moi antigo. Sobre as 15:30 horas do Domingo de Entroido empeza a chegar xente de fóra para disfrutar da **Vellería**, personaxes estes disfrazados de roupa vella ou fóra de moda, tradición viva de disfraces, como poden ser os aradores, compostos por disfraces de home e muller parodiando costumes con acento crítico dun rego ben feito sen descoidar, chamar o gando ao rego, que poden ser un par de burras que terminan a vareadas para estouraren coa risa.



**O Vello dos Cornos** e mais a **Fiadeira**, dous amantes que representan o reparto da igualdade de xénero envoltos nunha atmosfera de alto contido erótico que convidan á imaxinación de voar nas ás de Momo.

Todos estes personaxes e disfraces de todo tipo animan ao público a pasalo ben e en canto non chegan os Xenerais que se atopan polas eiras dos veciños dando os vivas casa por casa e mostrando o luxo dos seus traxes, costume de alto contido

# Os Entroidos da Ulla

social, percorrendo todos os lugares da parroquia: Agudelo, Arbián, Lourido, Caseda, Santa Cruz, Hoy Vas, Combarro, Pousada, Taboada, Cantalarana, Cerdeiriñas.

Polas 16:30 – 17:00 horas, chega ao campo a catarse da alma do Domingo de Entroido en Piloño, o espectáculo cheo de luz e de cor brilla de emoción, xorde a concentración total de todos os disfraces participantes, ademais daqueles que xa se comentaron, queremos mentar **a Parranda, a Rumba, o Frade, o Alcalde** figura que non existe noutras parroquias do mesmo Concello e como non, o sol da tarde, ou sexa os tan esperados **Xenerais**, que reunidos en parlamento van decidir sobre os aconteceres do noso país e do mundo. Non queremos esquecer os disfraces dos mouros que se empeñan en defenderse acusando.

Cando chegan o Campo do 21 as Tropas atópanse cun cercado de mimosas (flor do Entroido) custodiado pola Sentinela, personaxe á cal o Correo ten que convencer para que deixe entrar aos Xenerais. Despois dun diálogo sempre en verso chegan ao tan ansiado acordo.

Unha vez dentro a colocación dos mesmos é en forma de cadrado e Xeneral por Xeneral expoñen os temas máis relevantes, en canto á política nacional e internacional se refire, ao longo do ano. Esta forma de expresión tamén é diferente ao doutras parroquias onde se establecen discusións por parellas. Aquí o diálogo é aberto e non hai contestación, nin quenda de réplica.



# Os Entroidos da Ulla

As súas proclamas resoan nos montes de Alcobre que bordean o Campo do 21 e permiten que se poidan escoitar en todo Piloño. Son palabras de moita relevancia citadas por personaxes de alto estatus.

No mesmo círculo de mimosas, entran acto seguido os Mouros ataviados coas súas peores galas e montados en burros con arreos estrafalarios. Empréganse para esta ocasión as roupas máis vellas que aínda se gardan nos faios das casas, prendas das que ninguén se quere desprender por non deixar no esquecemento os verdadeiros donos das mesmas e a todo o que eles representaron nun pasado. Ao contrario dos Xenerais, os Mouros elaboran diálogos por parellas, os temas que tratan son máis cercanos a todo o pobo, e moita xente pode sentirse aludida por estas verbas ferintes. A retransca é a nota dominante nos seus falares polo que os fai máis próximos ao propio pobo.

Cando a xente aínda está esgallando coa risa provocada polos Mouros, aparece en escena sobre un coche “oficial” o rexedor do Concello, é dicir, o Alcalde. Unhas veces sentado no seu sillón e outras veces de pé, pronuncia un discurso no que fai mención de todos os traballos realizados en



# Os Entroidos da Ulla

Piloño durante ese ano de lexislatura. Os que non fixo aínda os utiliza como promesa electoral para o ano seguinte. Así sempre ten argumentos para vangloriarse dos traballos ben feitos e dos que ha de facer, que son se cabe os maioritarios. Esta personaxe non se escapa de que algún espontáneo presente no Entroido lle replique algo que alí está a dicir. Dependendo do carácter da persoa que represente a personaxe do Alcalde, así levará contestación ou non.

Por último aparece o Frade no seu frademóbil, ataviado cunha sotana de cor castaña e unha grande cruz colgada no peito. Despois de facer unha introdución no latín máis galeguizado que teñamos escoitado, comeza a predicar sobre os temas que alí o levan, isto é: os pecados da carne, a gula, a ira, a envexa e un longo etcétera,

pecados todos eles cometidos polos veciños nese último ano. Non se lle escapa o primeiro, e o que máis e o que menos, agudiza ben o oído por se algo do que din puidese ser á volta del. Despois de dar a bendición a todos os alí presentes e recomendándolles voltar para o ano, dá por finalizado o Domingo de Entroido na parroquia de Piloño.



# Os Entroidos da Ulla


Contan os maiores que a historia dos carnavais da parroquia cruceña de Salgueiros data alomenos de 250 anos atrás aínda que non se coñeza a existencia de documentos que o acrediten.

Os primeiros documentos escritos dos que se dispón son de 1930 nos que se reflicte o que é a máscara. Con posterioridade comezaron a recollese gravacións en casete e en vídeo, todo isto acompañado de arquivos fotográficos. Ao longo da historia do Entroido en Salgueiros pasouse por diferentes altibaixos onde houbo anos nos que a parroquia tivo que prescindir desta tradición, debido a causas relacionadas coa poboación, tales como foron o envellecemento da xente e a marcha desta da zona rural.

Foi na década dos 90 cando esta parroquia sufriu o seu maior parón do que



# Os Entroidos da Ulla



non se sairía ata o entroido de 2007 no que un grupo de xente nova decidida a retomar e conservar a tradición acordaron poñerse á fronte.

É o día antes do acontecemento popular cando a xente da parroquia se reúne pola noite para ver a máscara xeral. Antigamente isto provocaba malestar xa que algunha das historias que alí se contaban facía referencia a algún dos veciños, os cales se decataban nese intre. Actualmente aprendeu a entenderse que o Entroido é unha maneira de ironizar sobre os acontecementos que ocorren na parroquia, concello e sociedade en xeral sen ter que ofenderse alguén que se sinta aludido. De aí que se continúe a celebrar a xuntanza dos veciños a véspera da máscara.

E chegou o día ... Arredor do mediodía xúntanse os xenerais e o correo, cada un no seu cabalo e percorren a parroquia, aldea por aldea, casa por casa, dando os “vivas” a todos os veciños e os seus convidados. Unha vez rematado dito percorrido dáse comezo á Máscara.

250 anos de historia

SALGUEIROS

25

# Os Entroidos da Ulla

Primeiramente ten lugar o **Alto dos Xenerais**. O Correo pide paso a sentinela para a entrada deste xunto cos xenerais, e é deseguido cando estes últimos fan unha crítica do panorama político nacional. Tras o remate disto toman protagonismo os mouros enriba dos seus burros, e coa función de ironización de historias acontecidas na parroquia e nas dos arredores.



Son destacables as figuras do **Alcalde** e do **Frade**. A misión do primeiro é facer unha crítica a actuación do primeiro edil do concello, mentres que o frade se dedica a meterse coa igrexa e coa sociedade deixando entrever unha faceta un tanto machista. Tamén se ten que mencionar o **Vello dos Cornos**, a **Vellería**, a **Parranda** e a **Parranda dos cegos**.

Isto, moi resumido, é o resultado de meses de traballo e ensaios que á vez serven como medio de socialización entre os veciños da parroquia que entre todos contribúen a conservar a tradición do Entroido de Salgueiros.

Concello



Silleda



# Os Entroidos da Ulla

## A pervivencia da tradición

**A**s fontes orais de boa memoria indicannos a existencia de catro Altos dos Xenerais neste Concello. Na actualidade sobreviven tres deles con certa puxanza: o da vila da Bandeira e o das parroquias de Lamela e Dornelas.

Houbo un tempo no que esta manifestación do Entroido tamén se conmemorou na **vila de Silleda**, mais co comezo da represión franquista e as primeiras prohibicións dos actos do carnaval, acabou por esmorecer o Alto definitivamente na capital trasdezá.

# Os Entroidos da Ulla

No contorno do Trasdeza, as Máscaras ao se achegar a unha parroquia para ir á procura de cartos, tiñan que primeiro pasar o **“atranco”**, o que se coñece coma **“Alto dos Xenerais”** no que dous bandos de distintas parroquias mantiñan un enfrontamento verbal entre dous exércitos, nun principio entre a Sentinela e o Correo do exército invasor, e posteriormente entre as máximas autoridades, os Xenerais.



A Bandeira e o seu Entroido

A BANDEIRA

# Os Enfrontados da Ulla

Estes enfrontamentos verbais producíanse con estrofas improvisadas de catro versos nas que rimaban o segundo máis o cuarto. Así o recolle Olimpio Arca Caldas no seu libro titulado “Medio século de xenerais estradenses” onde alá pola Segunda República nun atranco na parroquia de Arnois, ao prodixioso xeneral Xosé de Andrea de San Tirso de Manduas lle preguntan ¿De onde ven e a onde ten pensado chegar? respondendo:

*Vengo de San Tirso de  
Manduas  
con todo mi caminar  
si es que me das paso  
a Puente Ulla quiero llegar*

O paso non é concedido polo contrincante de Arnois, a non ser que entregue 11.000 bestas preñadas e 11.000 mulleres virxes. Xosé de Andrea con donaire responde:

*Siento mucho faltar a su petición pero no la puedo cumplir  
las once mil bestas aparejadas  
las dejé en mi tierra  
y las once mil vírgenes  
me duele el corazón por ellas.*



# Os Entroidos da Ulla

Na memoria de Manuel García Vázquez máis coñecido por *Manolo de Servando*, (xeneral de toda a vida na Bandeira e do que a gallardía, o garbo e a ocorrencia son sinónimos que o acompañan) perduran as aventuras de *Xosé de Andrea*.

No ano 1931 cando saía a Mascarada da Bandeira cara ás terras do Ulla, ao achegarse ao lugar de Souto, *Agustín de Panadeiro* de Lamela, saíulle ao paso dándolle o alto a *Xosé de Andrea*, este pediulle o paso deseguido, por alixeirar o atranco e continuar o camiño. *Agustín de Panadeiro* concedeuullo pero antes reclamoulle unha débeda, ao parecer por causa dun furón. A Mascarada tirou para diante. No ano seguinte en 1932, viñeron os de Lamela á Bandeira e *Xosé de Andrea* como xeneral primeiro, recibiu o xeneral segundo de Lamela con flores, como corresponde a dúas parroquias tan amigas, pero ao chegar *Agustín de Panadeiro* en representación do xeneral primeiro de Lamela, Xosé respondeulle:

*Hace un año que te espero  
y hoy por fin te he encontrado  
vengo a pagarte esa deuda  
que así me la has reclamado,  
he revisado los libros  
y tal deuda no existía  
y aunque mismo fuese cierto  
no era de reclamármela ese día.*

Con aplausos e con vivas, rematou o encontro e ambas as dúas mascaradas percorreron as rúas da Bandeira.



# Os Entroidos da Ulla

Rematado o enfrontamento a Mascarada visitante composta polos Correos, Xenerais, Coro, Parranda, introducíase na parroquia na procura de cartos. Unha das maneiras de acadalos era o que se coñece como botar os vivos nas casas, desexando vida longa e saúde e en compensación eran agasallados con diñeiro e viño. Outra, o **Coro** cantaba as coplas cheas de chispa e logo vendíaas. A Parranda, que incluía os que representaban os oficios, cobraba pola figuración da representación.

No entanto, coa transformación que está a sufrir o Entroido nos tempos chamados modernos, xa non existen eses enfrontamentos entre as parroquias, os altos son combinados, agás algún xeneral dos de antes. O certo é que, as figuras dos xenerais mais os correos, mantéñense con prioridade.

O Coro é quizais, o que máis se ve en perigo de extinción pola chegada das charangas. Formado polos mellores cantores da parroquia, gusta de lucir as letras máis comprometidas coa vida cotiá da vila da Bandeira.



# Os Entroidos da Ulla

Logo de varias décadas de silencio, o Entroido regresa á parroquia silledense de Lamela, que como noutras localidades veciñas comparte a tradición dos Xenerais da Ulla. A mascarada de Lamela foi, durante moitos anos, a de máis sona da redonda. Contan os máis vellos que as tropas do lugar eran as máis vistosas, coas bestas mellor mantidas, parrandas, coros e comparsas compostas por un gran número de mozos. E todo aderezado coas mellores galas. A tradición, con case un século de vida, tivo o seu punto álxido nos anos vinte e trinta, ata a Guerra Civil. Os Xenerais de Lamela, que comezaban a festa



# Os Entroidos da Ulla

dando os tradicionais “vivas” pola parroquia (unha fórmula recaudatoria para manter a celebración) non só defendían o seu destacamento, cortando o paso a outros exércitos invasores. Tamén conquistaban daquela, outros feudos da tradición coma Silleda, Cervaña, A Bandeira ou Ponte Ulla.

Na memoria dalgúns veciños perviven hoxe numerosos records e anécdotas daqueles anos dourados do Entroido. A festa do carnaval era unha cita sagrada e a participación, case unha obriga. A parranda e o coro que chegaron a compoñer os músicos de Merza animaban a celebración:

*“A la jota jota que lindo es querer, cuando amor se siente por una mujer*

*Niña si quieres saber las delicias del querer*

*escuchanos con placer que te vamos a saludar”*

Despois de que o alzamento do 1936 dera ao traste co espírito festeiro e tamén crítico do Entroido, a tradición, co consabido control da Garda Civil, voltaba

en tempos da posguerra, nos anos 50. Os de Lamela, con *Perfecto de Calvo* como primeiro xeneral, entraron na Bandeira cunha coroa de flores en memoria do falecido xeneral de Lourás, aló polo 1951.



# Os Entroidos da Ulla

A finais dos anos 60, o entroido rexorde en Lamela da man dunha nova xeración. Na **Casa do Comercio** atopáronse en 1968 un estandarte que facía referencia á celebración de 1912, así como dúas lanzas de guerreiro. A xente nova decidiu continuar cunha festa que formaba xa parte da identidade da parroquia. A Mascarada de Lamela rexurdía con forza. Aquel entroido do 68, (pasado pois máis de medio século segundo a reseña do citado estandarte), pervive hoxe no recordo dalgún dos seus protagonistas. As tropas estaban formadas por *Constantino de Sueiro*, hoxe aínda en activo, *Xoan Pardo* (fillo doutro afamado regueifeiro de Lourás: *Victoriano do Tupino*) e Xosé Manuel Colmeiro como Xenerais. De Correos (os encargados de abrir o alto), estaban Tino Costa (fillo de *Agustín de Panadeiro*) e Ramón Blanco (*o de García*). Rodrigo Vidal (*Canducho de Cacheiro*) era o Abandeirado, e Espiño e Xoanciño Pardo, os Lanceiros.



Da dirección da Parranda encargouse *Xosé Manuel de Matos*, e Ramón Novo compuxo a letra das cancións cantadas polas mozas e mozos de Lamela. A excelencia de voces era tamén un dos puntos fortes da parroquia. Na parranda figuraban varios números de choqueiros e personaxes inesquecibles coma o limpabotas (Toño Barral) ou a parella de xitanos formada por Álvaro Conde e Marisa Villaverde. E como números principais, en Lamela non faltaron representacións dalgúns dos máis sonados acontecementos daquel ano.

# Os Entroidos da Ulla

Un ano despois, a parranda de Lamela cruzaba as fronteiras silledenses. No remolque do camiión de Manuel Penido (*Tropa*) viaxaron ata terras estradenses, para participar nas Máscaras de Santa Cristina de Veá.

Despois virían os anos escuros. Como en moitos outros destacamentos da tradición do Entroido da Ulla, Lamela deixou de honrar a don Carnal. A falta de apoios, tanto a nivel de colaboración dos participantes como de tipo económico, fixo que a celebración perdese folgos.

Tiveron que pasar case trinta anos para que o coro, os disfraces, a charanga, e como non, os Xenerais coas súas coplas, recuperaran a voz en Lamela. O ano 2000 marcaba un novo punto de inflexión na historia do carnaval da parroquia.

Dende entón, a festa volve como tempo de ironía, de bo xantar e de troula, como anticipo á Coresma. A implicación da mocidade, e de todos os veciños en xeral, é hoxe unha das claves para garantir o futuro de toda unha tradición que se ten convertido nun dos referentes do Entroido no rural galego.



# Os Entroidos da Ulla

Camiñando os peregrinos na derradeira etapa da súa viaxe pola **Vía da Prata** cara a Santiago, atopamos unha pequena parroquia chamada Dornelas, terra do Concello de Silleda cun suave declive cara o cauce do Ulla. Unha vez ao ano, co fin de recadar cartos, todos os veciños saen a rúa, vístense de militares para celebrar o **Alto dos Xenerais**, enfrontamento verbal entre dous bandos de parroquias diferentes, búrllanse das autoridades da zona, dos veciños e mesmo de si mesmos; loitan entre eles e ao final todos quedan como amigos: “É o Entroido de Dornelas.”



# Os Entroidos da Ulla

**N**on se coñece a súa data exacta de comezo, pero temos xentes que nos citan a súa orixe por volta do ano 1931, onde a tropa formada polos Xenerais *Andrés de Souto*, *Ramiro de Corral* e *Andrés de Taboada* se enfrontaban a tropas de Lamela. So ía durar dous anos seguidos xa que no ano 33 xa non se celebraría. Cabe destacar, que o palco da música que hoxe hai no centro do campo da festa, logrouse construír cos fondos obtidos nestes dous anos. A obra finalizaríase no ano 1936.





# Os Entroidos da Ulla

**D**espois dunha longa parada de 68 anos comezou unha nova etapa. Ata o ano 2000 non teriamos na parroquia outro Entroido, pero si contamos sempre con grandes Xenerais como Alfonso Gómez que sempre deixou patente a súa vocación polo Entroido; colaborando sempre cos da zona, máis concretamente cos da Bandeira onde entre os anos 1986 a 1997 foi unha figura moi importante dos altos dos xenerais.

Este noso e entrañable veciño, xunto con *Julio de Pérez* e Manuel López decidiron comezar unha nova etapa no Entroido de Dornelas contando coa colaboración dos nosos veciños da Bandeira como Alberte Maceira, Paco Fernández e *Juancete*.



Nova etapa

DORNELAS

# Os Entroidos da Ulla

A partir deste emblemático ano ata o día de hoxe veuse celebrando o Entroido coa axuda e colaboración de todos os veciños da parroquia cada quen ataviado á súa maneira e de forma divertida.

Dende a mañá, os Xenerais e Correos percorren a parroquia visitando porta por porta todos os veciños e recitando os vivas ao cabeza de familia e os seus achegados co fin de recadar cartos.

Ao rematar de xantar, todas as comparsas se xuntan no campo de fútbol para comezar un desfile ata o campo da festa.

Unha vez alí, charangas, carrozas, militares, vellos...desenvolven as súas actuacións á vista de todo o público; entre outras salientar o alto dos nosos xenerais, o demo voador, o cura, etc.



Conceiio



À Estrada



# Os Entroidos da Ulla

**O**s **Xenerais do Ulla**”. Xenerais pola súa vestimenta e conduta belicosa e do Ulla por estaren localizados nas parroquias asentadas nas dúas marxes do río Ulla e do seu afluente, o Deza. Abarca os Concellos de Teo, Vedra, Boqueixón e Touro pola orela dereita e os da Estrada, Silleda e Vila de Cruces pola orela esquerda.

Dentro do Concello da Estrada, ao longo dos tempos tiveron fama os Entroidos dos Xenerais das parroquias de **S. Miguel de Castro, Arnois, Oca, Orazo, Loimil, Berres, Ancorados, Santeles, Cora, Santa Cristina de Veá, San Xiao de Veá, S. Xurxo, Moreira, Couso, Guimarei, Ribeira, Santa Mariña de Barcala e Toedo.**

As primeiras novas sobre “**Os Xenerais do Ulla**” correspondentes ás parroquias do Concello da Estrada aparecen na pluma do escritor Alfredo Vicenti, quen no seu libro “*A orillas del Ulla*”, escrito na aldea de Castrotión, parroquia de San Estevo de Oca, Concello da Estrada, no seu capítulo V relata os acontecementos vividos un luns de carnaval do ano 1875. Anos máis tarde, o mesmo escritor volve a repetir que máis veces presenciou espectáculos semellantes “*privativos destas terras e dos que os ribeiregos aseguráronlle que viñan de moitos anos atrás*”.

Será Manuel García Barros quen no ano 1949 nos relate, polo miúdo, no seu libro “*Aventuras de Alberte Quiñoi*” todas as características: traxes, oficios, percorrido e atranques dun ben organizado carnaval. En datas posteriores, 1996, Xosé Neira Vilas, recordará con Balbino, o personaxe de “*Memorias dun neno labrego*” o desfile do Entroido polas terras estradenses.

# Os Entroidos da Ulla

Sabemos que o ciclo completo do Entroido duraba 17 días, dende o domingo “fareleiro” ata o martes de Entroido.

O concepto de parroquia esmoreceu hai tempo. Vivimos na era da “*aldea global*”. Non obstante, segue vixente o Entroido dos **Xenerais do Ulla** como un medio lúdico, tradicional e rendible para acadar cartos que axuden a facer unhas festas patronais dignas.



# Os Entroidos da Ulla

Os elementos esenciais dun **Entroido dos Xenerais do Ulla** son: os cabalos, as persoas e materiais diversos.

*Os personaxes* comprenden: o poeta encargado de confeccionar os diálogos e os cantares, os exércitos, a comparsa, e a parranda.

Os materiais indispensables son os traxes, os arrees e os adobíos.

*Os exércitos*, sempre dous, invasor e defensor, están formados por: Abandeirado, Sentinela, Correos e Xenerais en número variable segundo posibilidades.

A *comparsa* componse de mozos e mozas formando coro coas cancións “*ad hoc*” ás distintas circunstancias actuais. Así mesmo, nalgún Entroido aparece “*o Coro dos vellos*”, dedicados, case sempre a criticar escenas e novos costumes desta nova mocidade. Unha mostra do Entroido de Moreira: *Soy de nabo, soy de nabo/ de nabo vengo vestido/ pero el mejor de los nabos/ lo traigo bien escondido.*



A *parranda* constitúe o grupo máis informal do Entroido. Caben nel a informal banda de música, toda metal e todos os disfraces individuais posibles e todos os oficios. Esta sección varía moito ao longo do tempo. Así García Barros nomea

# Os Entroidos da Ulla

como oficios obrigados dos antigos desfiles: “o borreiro”, catador de cortizos; “os maragatos”, en lembranza daqueles comerciantes ambulantes que dende as terras de León vendían roupas para o enxoval doméstico; “os carabineros”, oficio obrigado e hoxe substituído pola parella da garda civil; “o cego”; “o crego”; “os noivos”, “o médico”, etc. Na actualidade, a influencia da televisión trocou os disfraces individuais e aparecen as carrozas cos máis diversos motivos: comerciais, eróticos, etc..

Os **adobíos** supoñen o ornato nos traxes dos distintos personaxes. En primeiro lugar están as medallas que locen no peito os Xenerais e que proceden das máis variadas conmemoracións. Lembramos as inscricións dalgunhas delas: Agrupación Nacional de Tiro. Buenos Aires 1884; Barracas y fiestas, Palermo, Buenos Aires,



# Os Entroidos da Ulla

1904; Aniversario de B. Mitre, Buenos Aires, 1912; Cía. de Infantería de Melilla, etc. As mozas das comparsas locen fermosas alfaias das súas avoas.

**D**esenvolvemento- *As datas e o percorrido.*

## **Datas**

Se tradicionalmente o Entroido se celebraba durante os 17 días que abrangue e se mantén aínda nalgunhas zonas, no noso Concello fica reducido a tres, o Domingo, o Luns e o Martes de Entroido. É nesas datas cando poderíamos atopar **Atraques** nalgunha das parroquias que manteñen máis viva a tradición: **Santa Cristina de Veá, Couso, Cora, Paradela ou Santeles**, por exemplo.

## **Percorrido do Entroido**

O primeiro cometido dunha mascarada corresponde á presentación oficial da mesma en cada unha das aldeas que compoñen a freguesía, afirmando así a personalidade da entidade parroquial. Na eira dos veciños xúntase toda a comitiva; canta a comparsa, a charanga executa as mellores pezas do repertorio, recíbense agasallos e bébese viño, rematando coa emisión dos “**vivas**” sempre coa fórmula establecida:





# Os Entroidos da Ulla

- *“¡Oído señores! ¡digan todos a mi voz! ¡Viva don Fulano de tal y tal y toda su familia!”*

Todos corean: *-¡Vivaaaaaaaa!*

O correo volve de novo: *-¡Vivan las personas de su mayor aprecio!*

Responden todos: *-¡Vivaaan!*

Hai logo un “Vivan” xeral: *-“¡Vivan!”*

*-“¡Viva la gente que nos mira y arrodea!”*

Todos: *-“¡Viva!”*

E chega o final: *- “¡Viva la música y siga!”*

O día seguinte corresponde á invasión da parroquia lindeira co correspondente **“atranque”** polo exército defensor. Os verdadeiros atranques viñan da man de espontáneos que sen previa preparación, pero con sentido da rima e fina ironía, nunha loita verbal impedían o paso da comitiva. Algunhas veces para evitar a invasión do territorio facían promesas de entregarlles os máis variados botíns. Así, na Ponte Ulla chegaran a ofrecer ao exército de Arnois a entrega de cen mil virxes, botín que non aceptou o xeneral invasor por inviable. Na historia dos entroidos estradenses foi notoria e famosa a confrontación na Ponte de Sarandón, ano 1924. Bouza Brey recorda este suceso nas páxiñas do “Emigrado”: *“Es lamentable que las juventudes de las parroquias circunvecinas no hayan sabido guardar armonía en una cuestión puramente carnavalera”*.

# Os Entroidos da Ulla

O poeta que compoñía os versos dos Xenerais facíao sempre en castelán, xa que era a lingua dos soldados de graduación. En troques, os versos da comparsa estaban redactados, polo xeral, en galego, pero tamén os atopamos en castelán.



Concilio



Vedra

# Os Entroidos da Ulla

## ***Entroido ullán, máscaras no Concello de Vedra***

*“¡Aqueles si que eran antroidos; os da Ulla!...de todas as parroquias chegaban as xentes para contemplar o sen igual antroido. A parte principal era un combate entre os paisanos e as tropas de Napoleón...”*

Xosé María Castroviejo  
Memorias dunha Terra





# Os Entroidos da Ulla

O carnaval no Concello de Vedra comparte as características e a singularidade do coñecido como “**Entroido da Ulla**”. A súa orixe é moi antiga –segundo algúns autores remóntase á Guerra da Independencia; e os seus protagonistas son os **Xenerais**, unha das máis orixinais manifestacións do folclore galego no Entroido, xa que teñen rasgos definitorios que os fan únicos.

Aínda que dunha parroquia a outra o Entroido da Ulla presenta pequenas diferenzas, as máscaras mantivéronse ao longo do tempo, apoiadas nos seguintes elementos :

“**Correos**”. Visten camisa con gravata, guerreira e pantalón que lembran os uniformes militares antigos. Cobren a cabeza coa “gorreta”, gorro circular rematado nun entretecido de arame enfeitado con contas de cores. Van en cabalos engalanados con campaiñas, e o seu número pode variar segundo o ano.

“**Xenerais**”. A súa vestimenta tamén evoca os uniformes militares decimonónicos. Na cabeza levan un rechamante “tricornio” (bicornio) rematado en plumas, frecuentemente de pavo real. Montan cabalos ricamente aparellados, destacando o espello que levan adornando a cabeza, o peito petral... O seu número pode variar segundo o ano.

“**Abandeirado**”. Adoita vestir un uniforme militar, o máis frecuente é o de mariñeiro, e leva unha bandeira.

“**O rei e a raíña**”. Visten capas e na cabeza levan unha coroa. Segundo a ocasión ou montan cabalos ou van nun carro tirado polos mesmos.

# Os Entroidos da Ulla

**“Coro principal, de bonito ou de mozos”.** Intégranlo rapaces e rapazas vestidos normalmente co traxe galego ou de montañés, xunto cun señorito e unha señorita. Á fronte deles van un “director” e unha “directora”, moi ben engalanados. Normalmente o coro interpreta cancións con letra composta para a ocasión.

**“Coro de vellos”.** Composto por xente de máis idade. Ben poden vestirse cada un á súa maneira, aínda que nos últimos anos téndese a unha uniformidade nos traxes, nos que non falta o compoñente colorista. Adoitan cantar cancións picantes e burlescas.





# Os Entroidos da Ulla

## *Copla de Entroido:*

“No medio de San Miguel  
hai un carballo das mentiras,  
onde se xuntan as nenas  
para gobernar moitas vidas”.

Tamén destacan as comparsas “inventos”, que representan “ cousas curiosas”; algúns exemplos son: a corrida de touros, o mundial de fútbol, o barco vikingo, a discoteca, a autoescola para sacar o carné de burro, o bingo, o tanque da O.N.U....e outras parodias varias. Máscaras que van desde o limpabotas, ao retratista, ao barbeiro., disfraces máis actuais, o cura que ofrece un grande sermón...

As Máscaras organízanse no ámbito parroquial e, en días fixados, percorren as aldeas, actuando nos lugares e nas casas. Con isto queda constancia do testemuño tradicional da importancia e vixencia da parroquia como unidade e signo de identidade no rural.

Entre aldea e aldea as máscaras marchan ao ritmo da música. Os “correos” adiántanse para anunciar a súa chegada. Os xenerais, pola súa parte, cumpren a misión de dar as ordes pertinentes, e por suposto de dar o “**iviva!**” a veciños, convidados e visitantes a cambio dun donativo. No “iviva!” alúdese ao nome do cabeza de familia e ao de todos os seus achegados, así como ao seu lugar de orixe e de veciñanza. A escena repítese en todos os lugares da parroquia, ata que chega o último acto das máscaras, que é o chamado “**atranque**”, “**salto**”

# Os Entroidos da Ulla

ou “alto”. Os Xenerais divídense en dous bandos, simbolizando os enfrontamentos que antigamente había entre comparsas de dúas parroquias, e enfróntanse, precedidos dos “correos”, nunha poxa dialéctica en versos, aludindo a feitos parroquiais, de política ou do corazón, acontecidos durante o ano. Así continúan o debate, ameazándose mutuamente, os distintos “correos” e “xenerais”, ata que ó final, chegan á conclusión de que son veciños e amigos, polo que proceden a asinar a paz.

*Atranque do Entroido de San Xián de Sales, 2006.:*

A onde vas dacabalo  
vestida de xeneral  
perdóame que cho diga  
pero non sabes montar.

*Xeneral home*

Como valente que son  
véñoche parar os pés  
e non te poñas farruco  
que che corto o que non tés.

*Xeneral muller*



Nos días de Entroido varias parroquias do Concello de Vedra viven esta celebración; destacan os de **San Xián de Sales** e **Trobe**.

Concei  
llo



Padrón



# Os Entroidos da Ulla

## **Derradeira parada**

Seguindo o curso do río que dá nome a este Entroido, as tradicións, os rituais e as personaxes que o distinguen non baixan o Ulla máis alá dos montes do Lapido, facendo na parroquia padronesa de Carcacía unha derradeira parada.

Malia presentar tamén as súas singularidades, este Entroido comparte con outras parroquias e concellos da zona os xenerais, os correos e os vivas propios do entroido ullán desde finais dos anos 50, momento no que os seus veciños sacaron os atranques dos cubertos para comezar a percorrer a cabalo as aldeas e os lugares dunha parroquia de orografía pouco amable e cun bo número de entidades singulares de poboación (Bandín, Berxaos, Casal, Corral, Cruxeiras de Abaixo, Cruxeiras de Arriba, Guimaráns, A Igrexa, Lamas, O Outeiro, Pousada, Rial, Ribadulla, Rumille, Sande, Sinde, Sobrerribas e Xoane).

Aínda que a historia deste Entroido tivo unha paréntese de vinte anos (1972-1992), a experiencia e a vontade daqueles que o impulsaron e o mantiveron durante toda a década dos sesenta e nos comezos dos setenta foi clave para o seu rexurdimento posterior nos noventa, e así ata hoxe. Neste renacer, no que non faltaron revulsivos como o primeiro premio dun concurso que organizara o Concello de Valga en 1992, tiveron moito que ver veciños como José María Salgado, Amalia Vicente, José Márquez ou Isidoro Gestal, quen aínda recorda a copla:

*Os vellos de Carcacía  
somos moi adivertidos  
vinte anos que foi eso  
e aínda seguimos unidos*

Os  
Entroidos  
da



Lilla



Entroido en Carcaçia

CARCAÇIA



# Os Entroidos da Ulla

Os enfrontamentos por sexos que recollen algunhas das coplas que cantan hoxe os veciños e veciñas de Carcacía -eles contra elas, elas contra eles- foran noutro tempo xeracionais, cando se chegou a celebrar por separado o *Entroido dos novos*, que ían a cabalo, e o *Entroido dos vellos*, que ao lombo de burros decidiran lembrarlle aos seus contrincantes aquilo de que “a todo santo lle chega...”.

Daquela, como agora, e para poder dispor das roupas que os correos e xenerais doutras parroquias da zona sempre lles cederon para a ocasión (nos anos 60 mesmo recollían colares e cadeas en Herbón e Morono para lucir coas mellores galas...) os acontecementos carnavalescos en Carcacía fuxiron normalmente dos días grandes do Entroido para non coincidir coas festas dos que lles seguen fiando ata hoxe algúns dos cabalos e vestimentas que empregan (Santa Cristina de Veá, Santeles...). Así, na súa primeira época era máis habitual que se adiantase a data, mesmo se chegaba a celebrar ata un mes antes, mentres que nesta segunda etapa os días escollidos son xa o sábado e o domingo de Piñata. Cando algúns remataron, empeza o tempo de troula nesta parroquia padronesa.

O traballo do gran equipo entroideiro de Carcacía, que xunta ademais dos seus xenerais e correos (oito na última edición) unha comparsa de maiores que rolda as 60 persoas e unha de nenos e nenas que anda arredor dos 25, comeza aproximadamente mes e medio antes da fin de semana de Piñata. Xente como José Duro ou M<sup>a</sup> Carmen Cajaraville encargouse en moitas ocasións de crear as coplas que ensaia nese tempo a comparsa, ao ritmo que escollen para cada ocasión os do equipo musical. Este, está integrado por veciños que adoitan



# Os Entroidos da Ulla

completar o grupo con músicos que buscan fóra (A Coruña, Noia, A Estrada...), unha elección para a que se consideran bastante esixentes e para a que procuran profesionais (teñen participado con eles membros da orquestra Abanico, o prestixioso músico de jazz Roberto Somozas...) que lles axuden a completar unha formación de entre oito e dez instrumentistas (bombardinos, saxofóns, clarinetes, trompetas...). Con todo, van ampliando o repertorio musical, e na súa última edición déronlle entrada tamén a un grupo de gaitas.

Os entroideiros de Carcacia precisan dous días para percorrer os numerosos núcleos de poboación que hai espallados por esta parroquia e tamén para facer a súa visita habitual á Barcala, na outra marxe do Ulla. Alí, os veciños desta parroquia estradense agárdanos á saída da misa matinal do domingo cunha gran mesa de comida e bebida para repoñer forzas e continuar o seu percorrido na procura de novas mesas e novos lugares nos que recadar algo de axuda para seguir financiando o seu entroido:

*Polo ben que o facemos  
non lle imos a cobrar  
dádenos algún diñeiro  
para as deudas pagar*

A cambio do que comen, do que beben e do que sacan, agasallan en cada visita aos presentes cos seus tradicionais **Vivas!** e con coplas cargadas de ironía e bo humor nas que non faltan alusións aos temas de actualidade...

Coplas e vivas!

CARCACÍA



# Os Entroidos da Ulla

*Labranza e ganadería  
esto vaiche vento en popa  
pois non houbo ningún caso  
das dichosas vacas locas*

... nin se salva ningún lugar da parroquia:

*Os de Sinde e os de Sande  
e tamén os de Regueiro  
van facer unha carreira  
pra ver quen chega primeiro*

*En Ribadulla e Xuane  
mira que son precavidos  
pediron focos pro río  
pra vixiar os furtivos*

*Os de Rumille e Berxaus  
aínda teñen a ilusión  
que no regueiro da Pía  
poidan pescar un salmón*

Tradicionalmente os membros da comparsa empregaron como medio de transporte camiións engalanados que doaban, condutor incluído, algúns veciños



# Os Entroidos da Ulla

que tampouco se salvaron de caer na boca dos artistas...

*O camión non dá chegada  
e Rivas quedou dormido  
e aínda para máis carallo  
pinchóusenos no camiño*

....aínda que haber, sempre houbo para todos:

*Aí veñen os correos  
novatos na profesión  
e para que non os vexan  
veñen detrás do camión*

*Moncho ti non mires tanto  
pra o cu do teu cabalo  
caeulle una ferradura  
pois non é que esté pinchado*

Con todo, as normas de circulación obrigáronlles recentemente a botar man de autobuses, cousa que encarece os gastos pero se cadra tamén é máis coidadosa coas vestimentas dos entroideiros, que foron gañando en calidade e elegancia ano tras ano. No seu momento as normas de circulación tampouco lle caeron moito en graza aos máis novos, que empezaban a converter en tradición o de *tunear* os seus coches vellos para que non fosen menos ese día.



# Os Entroidos da Ulla

O punto máis áxido do entroido de Carcacia chega na tarde-noite do domingo, cando o campo da festa acolle a derradeira actuación das comparsas cos seus atranques tradicionais e a onde se achegan moitos foráneos que non tiveron a ocasión de ver pasar os xenerais e os correos pola porta da súa casa.

- ¡“Atención, señores! Digan todos a mi voz:

**Viva a persoa que leu este texto, como natural e veciño da súa parroquia, en compañía da súa familia e da xente do seu maior aprecio!**

- “Vivaaa”!



Os  
Entroidos  
da

Llella



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Turismo